

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** RESULTADOS DEFINITIVOS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA COORDINADORA E A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA O OBXECTO LIMPEZA FORESTAL NO CONCELLO DE CURTIS MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN. GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026 E CONTRATACIÓN

**EXPEDIENTE:** 2026/G003/000366

**Exp. Orixe:** 2026/E001/000003

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Concello de Curtis, (A Coruña),

### ANTECEDENTES

Vista a Orde do 22 de xaneiro de 2026, pola que se establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026), este Concello solicita unha achega para a contratación de cinco peóns/peoas forestais e 1 coordinador/a.

Visto o Decreto da Alcaldía número 273/2026 de data 08/05/26 mediante o cal aprobanse as bases do devandito proceso selectivo (BOP nº 88 de 13/05/26)

Vista a oferta presentada ante a oficina de emprego de Betanzos e os perfís de candidatos remitidos pola mesma, e unha vez transcorrido o prazo de 5 días hábiles previsto na base cuarta

Visto o Decreto da Alcaldía número 317/2026 de data 21/05/26 mediante o cal apróbbase a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Visto o Decreto da Alcaldía número 325/2026 de data 27/05/26 mediante o cal apróbbase a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal, lugar e data de celebración das probas.

As probas tiveron lugar o pasado 29/05/26 nas oficinas municipais sitas en Curtis segundo consta na acta emitida a tal efecto polo tribunal cualificador. Na devandita acta, propónse a contratación de dona M.<sup>a</sup> Oliva Naveira López por ser a candidata que superou o proceso selectivo.

Con data 01/06/26 n.º RE 1412, a Sra. Naveira López achega a documentación requirida nas bases para a súa contratación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar os resultados definitivos do proceso selectivo para a contratación dunha persoa coordinadora para o obxecto limpeza forestal no Concello de Curtis que deseguido se relacionan:

DNI	Apelidos e Nome	Oposición	Total
*6*6*5*2*	Naveira López, María Olivia	5,00	5,00

**SEGUNDO.-** Aprobar a contratación de dona M.<sup>a</sup> Oliva Naveira López con DNI \*6\*6\*5\*2\* coma coordinadora do servizo de limpeza forestal deste Concello de Curtis dende o 08/06/26 ata o 07/03/27.

A modalidade contractual será a de contrato temporal coa clausula específica de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego a xornada completa.

TERCEIRO.- Dar publicidade á presente resolución mediante anuncio na páxina web municipal ([www.curtis.gal](http://www.curtis.gal)) e taboleiro de anuncios electrónico.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, o secretario-accidental

Óscar López Figueroa  
(Decreto 351/2026 de 02/06/26)